

Acta da reunión ordinaria da Xunta de facultade de 15 de maio de 2017

Asistentes:

Bergareche Gros, Almudena
Jiménez Alemán, Ángel Aday
Montesinos Padilla, Carmen
Movilla Pateiro, Laura
Noriega Rodríguez, Lydia

PDI A

Aneiros Pereira, Jaime
Bravo Bosch, María José
Cal Bouzada, Isabel
Costas Comesaña Julio
Domínguez Rubira, Carmen
Fernández Carballo-Calero, Pablo
García Gestoso, M^a Noemi
Grande Seara, Pablo
Ibañez Paz, Regina
Mariño de Andrés, Ángel M.
Martínez Hens, Helena
Martínez Táboas, M^a Teresa
Muleiro Parada, Luis Miguel
Orge Míguez, Jose Carlos
Padín Fabeiro, Carmen
Pita Grandal, Ana María
Rodríguez Damián, Amparo
Rodríguez Rodríguez, Emma
Valeije Álvarez, Inma

PDI B

Barreiro Carril, M^a Cruz
Torres Pérez, Francisco José

Alumnos 1º, 2º e 3º ciclo

Pintos Castro, Nerea
Rivera González, Paula
Vázquez Fernández, Roberto

PAS:

López Prieto, María Nieves
Ramil Vázquez, Paula

Escusan a súa ausencia:

Arias Martínez, M^a Antonia
Estévez Abeleira, Teresa
Fernández Docampo, Belén
García Mosquera, Marta
Gómez Acevedo, Rafael
Pazos Pérez, Alexandre
García Freira, Mónica
Loveira Pazó, Rosa María
Ferrero Martínez, M^a Dolores
Trigo Gómez, Pilar
Valcárcel Fernández, Patricia

O 15 de maio de 2017, no Salón de Graos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, ás 13:09 horas, en segunda convocatoria, deu comezo a reunión da Xunta de Facultade, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade de 29 de marzo de 2017.
2. Informes da Sra. Decana.
3. Aprobación, se procede, do calendario académico da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo para o curso académico 2017-2018.
4. Aprobación, se procede, do nomeamento de membros do Tribunal de probas de aptitude.
5. Aprobación, se procede, do nomeamento do membro honorífico do claustro de profesores de Dereito.
6. Aprobación, se procede, do nomeamento do padriño externo de Relacións Laborais.
7. Rolda aberta de intervencións.

- 1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade de 29 de marzo de 2017.**

Apróbase por asentimiento.

2. Informes da Sra. Decana.

A Decana comunica que desculpou a súa ausencia os profesores Belén Fernández Docampo, María Antonia Arias Martínez, Alexandre Pazos Pérez, Pilar Trigo Gómez, Rafael Gómez Acevedo, Rosa María Loveira Pazó, Mónica García Freiría, Teresa Estévez Abeleira y Patricia Valcárcel Fernández.

A Decana informa que durante este curso realizáronse máis de 50 visitas informativas a ou por institutos de educación secundaria. Tamén afirma que o equipo decanal está a traballar nun bosquejo de horarios. Unha vez estea finalizado convocarase ás áreas de coñecemento ás que se roga envíen a un representante e ao alumnado a unha primeira reunión consultiva, prevista, entre os días 30 e 31 de maio. Finalmente convocarase ao profesorado para que poida elixir as súas respectivas franxas horarias.

- 3. Aprobación, se procede, do calendario académico da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo para o curso académico 2017-2018.**

A decana sinala as principais características da proposta, tendo en conta o calendario da Universidade, e que se acordado cos representantes de alumnado.

O profesor José Carlos Orge pide aclaración con respecto ao número de semanas de clase. Lembra que no calendario para o curso 2016/2017 produciuse un erro. A Decana sinala que se previron 14 semanas de docencia en cada cuadrimestre.

Apróbase por asentimiento.

4. Aprobación, se procede, do nomeamento de membros do Tribunal de probas de aptitude.

A decana propón a substitución dos profesores Ana Pita Grandal por estar a gozar dun ano sabático e Pilar Allegue por xubilación. Propóñense no seu lugar aos profesores Esther Pillado González, Inma Valeije, Helena Martínez Hens e Francisco Torres Pérez.

Apróbase por asentimiento.

5. Aprobación, se procede, do nomeamento do membro honorífico do claustro de profesores de Dereito.

A decana, tras lembrar o sistema de nomeamento acordado (quendas) e as áreas que quedan por realizar a súa proposta de nomeamento (Dereito internacional privado e Dereito penal), sinala que ambas as áreas cederon este curso académico a súa quenda. Por tanto, correspóndelle á área de Dereito civil facer a proposta. Cédesese a palabra ao profesorado adscrito á área de Dereito civil.

Intervén a profesora Helena Martínez Hens, quen comunica que a área de Dereito civil propón a D. Antorio Romeu Lorenzo, antigo profesor asociado da Facultade e maxistrado emérito do Tribunal Supremo, medalla de honra da universidade, quen promoveu a creación do campus de Vigo, e entregou a súa carreira profesional tanto á xudicatura como á universidade.

Apróbase por asentimiento.

6. Aprobación, se procede, do nomeamento do padriño externo de Relacións Laborais.

A decana lembra as características deste nomeamento. En concreto, a iniciativa provén do alumnado, quen propón a María Teresa Conde-Pumpido Tourón, Maxistrada do Tribunal Superior de Xustiza da sala do social.

Apróbase por asentimiento.

7. Rolda aberta de intervencións.

Intervén a profesora Ana Pita Grandal, solicitando aclaracións acerca da normativa de homologacións para títulos de estranxeiros. A Decana lembra que agora boa parte da

regulación e resolución das solicitudes de homologación corresponde ás universidades, e especificamente é competencia das facultades o recoñecemento dos títulos.

A profesora Ana Pita Grandal solicita a normativa da Universidade e a Decana comprométese a facilitarlla, explicando comparativamente a regulación actual e a anterior. A profesora Ana Pita Grandal consira que a regulación actual é insatisfactoria, e expón a posibilidade de que este alumnado poida facer unha proba de homologación, dado que considera que o reitorado non articulou a mellor solución.

Finaliza a sesión, sendo as 13:47, do que como secretario dou fe.

Ángel Aday Jiménez Alemán